

**FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO
E MATERIAL ESCOLAR**

CURSO ESCOLAR 2022/23

ORDE do 29 de abril de 2022 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2022/23.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: Do 19 de maio ao 22 de xuño do 2022.

BENEFICIARIOS: Alumnado de Educación Primaria matriculado no curso 2022 /2023 en centros sostidos con fondos públicos.

MODALIDADES:

- **Libros de texto:** Alumnado de 1º, 2º 3º e 4º e educación especial.
O alumnado de 5º e 6º do noso centro participa no programa EDIXGAL (ordenadores alumnado), polo que non debe participar neste apartado.
- **Axudas de material:** Alumnado de educación primaria de 1º a 6º e educación especial.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

Solicitud segundo o **Anexo I**.

Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).

Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figuren o alumno e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

Certificado de discapacidade do/da alumno/a ou de calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica.

Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar.

Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai ou a nai ou o/a titor/a ou titores/as carezan de DNI ou NIE.

FORMA DE PRESENTACIÓN:

Ademais da presentación presencial no centro, os cidadáns poderán realizar a solicitude accedendo á aplicación Fondolibros, e unha vez que teñan cubertos todos os datos deberán gardala, obtendo así o número de solicitude, e posteriormente poderán optar polas seguintes formas de presentación:

- **Presentación no centro:** Neste caso imprimirán a solicitude e o anexo II e presentaranos no centro(debidamente asinados), xunto coa documentación (A solicitude xa terá asignado un número pola aplicación).
- **Presentación vía telemática** no seguinte enderezo:

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B>

ENLACES Á ORDE E AO EXTRACTO DA MESMA:

Orde do 29 de abril de 2022 (DOG): [Orde DOG Mércores, 18 de maio de 2022 \(xunta.gal\)](#)

Extracto da Orde do 29 de abril de 2022 (DOG): [Orde DOG Mércores, 18 de maio de 2022 \(xunta.gal\)](#)